



## MISA CON NENOS

**10 de febreiro de 2019**

### T. Ordinario -5º C

**S. LUCAS 5, 1-11: “Deixándoo todo, seguírono”.**

**Mensaxe: Xesús quérete e chámate.**

**Déixate PESCAR por El!**



### 1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás: sede todos benvidos a este encontro dominical para celebrar a nosa fe. Aquí xunto ao Señor e aos irmáns reunidos atopamos a forza necesaria para deixalo todo, para seguir a Xesús, para ser pescadores de homes, para responder á súa chamada de ser hoxe dos seus nos mares da vida.

*(Saímos cun póster de Xesús e uns peixes de cores con nomes e unha frase: “Xesús quérete e chámate. Déixate PESCAR por El!”).*

**No nome do Pai...** O Señor que nos chama a seguilo e a coidar dos que pasan necesidade, sexa convosco.

### 2. PERDÓN

*En silencio, poñámonos ante Deus e pidámoslle o seu perdón e a súa graza.*

-Ti chámamos a seguirte deixando as redes que nos atan e escravizan. Señor ten piedade de nós.

-Ti chámamos a remar máis a dentro, a valorar máis a túa amizade, a crecer en unión contigo. Cristo ten piedade de nós.

-Ti que dás a túa vida por nós e esperas unha resposta de fe e de entrega. Señor ten piedade de nós.



### 3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

Que bo sería, que coas lecturas que imos escoitar neste día, pedísemos a Deus, que teñamos un encontro persoal con El. Isaías, san Paulo ou os mesmos discípulos, puideron ser fieis ao Señor porque tiveron unha experiencia moi forte do Señor. Escoitemos e oxalá nos sintamos citados a dar a coñecer con máis alegría, a existencia e presenza de Xesús de Nazaré. Escoitemos con especial atención hoxe a carta de Paulo que é a primeira profesión de fe que coñecemos, o primeiro credo.

### 4. PETICIÓNS

*A Deus, o noso Pai, que por Xesús séguenos chamando a ser os seus enviados dicímonlle:*

**-Que nos enredemos na túa misión, Señor.**

1. Pola igrexa. Para que sexa forte ante as dificultades e déixese levar pola man e a voz de Xesús. *Oremos.*
2. Polos mozos. Para que haxa moitos que como Pedro e os demais apóstolos sigan a Xesús xenerosamente. *Oremos.*
3. Pola nosa comunidade parroquial. Para que confíe máis na forza de Deus que na súa propia forza. *Oremos.*
4. Polos que o están pasando mal. Os parados, os enfermos, os que sofren por calquera causa. *Oremos.*
5. Polos que pronto iniciaremos a Coresma. Para que vivamos a proximidade aos demais e cambiemos o corazón. *Oremos.*
6. Polos voluntarios de Mans Unidas, por todos aqueles que colaboramos en proxectos de desenvolvemento. *Oremos.*
7. Por todos nós, polos misioneiros e os axentes de desenvolvemento no mundo. *Oremos.*  
*Ti Señor coñeces o que máis nos fai falta, que se faga a túa vontade.*



### 5. OFRENDAS

**UNOS REMOS O BARCA:** Na Igrexa, no mundo, na nosa terra, na nosa parroquia, na nosa familia... fan falta persoas que remen cara a dentro. É dicir, que se arrisquen por conseguir, coa axuda de Deus, o que necesitamos para ser felices. Con estes remos queremos dicirlle ao Señor que conte connosco.

**PÓSTER DE PEIXES DE CORES COS NÓSOS NOMES:** Xesús segue hoxe chamando a ser dos seus. Nós queremos deixarnos caer nas súas redes, queremos deixarnos pescar por El e construír o seu reino, sendo testemuñas, mensaxeiros da boa noticia do evanxeo.

**PAN E O VIÑO:** Finalmente, antes de seguir coa Eucaristía, traemos ao altar o pan e o viño. Sen a Eucaristía todo o que nos

propoñemos sería difícil de levar a cabo ou de cumprir. O pan de Deus é para nós a forza do que quere remar na dirección que Cristo nos marca.

**COLECTA DE MANS UNIDAS:** A colecta que realizamos hoxe ímola ofrecer a Mans Unidas para a realización de proxectos que axudan a un desenvolvemento integral dos pobos e á promoción da muller. Ofrecemos ao Señor todo o que se fixo nestes 60 anos de existencia e todo o que imos facer. Grazas pola vosa xenerosidade.

## 6. VIDEOS 5º ORDINARIO-C

-Película "A pesca milagrosa", Lucas 5,1-11: [https://www.youtube.com/watch?v=SjHwZa6x0\\_Q](https://www.youtube.com/watch?v=SjHwZa6x0_Q)

-Debuxos "pesca milagrosa": <https://www.youtube.com/watch?v=WzCE-zDA7Ek>

-Canción "botarei as redes": <https://www.youtube.com/watch?v=kxstb7KFSOM>

-Reflexión "Xunto a ti buscarei outro mar": <https://www.youtube.com/watch?v=Z--78CDrnAQ>

-A muller do século XXI, vídeo da Campaña de Mans Unidas 2018: [https://www.youtube.com/watch?v=-jvhl4RXlfo&fbclid=IwAR2IP-wJJYz0i\\_u5cuH\\_dSPJynp9j2AuPEOS8DU7caaWxgV5kwYFwCVWFtM](https://www.youtube.com/watch?v=-jvhl4RXlfo&fbclid=IwAR2IP-wJJYz0i_u5cuH_dSPJynp9j2AuPEOS8DU7caaWxgV5kwYFwCVWFtM)

## 7. SUXESTIÓNS:

-Podedes organizar na parroquia ou no cole o **día do xaxún voluntario**, con obradoiros, comendo un bocadillo.

-**Nas ofrendas** podedes presentar un póster e a colecta de Mans Unidas.

-**O evanxeo é fácil de representar: o mar** (o mundo, a sociedade, os problemas); **a barca** (a igrexa; sacerdotes, catequistas, mozos) e **Xesús** que ilumina e resolve todo coa forza da súa Palabra. Un grupo de nenos ou de mozos simulando as ondas poden representar **o odio, a tristeza, o egoísmo, as guerras**. E, outros máis, son enviados no nome do Señor "pescando, no medio de todo, **o perdón, a alegría, a caridade, a igualdade ou a solidariedade**.

-**Desterramos da nosa vida** actitudes machistas ou discriminatorias.

-**Prestemos hoxe especial atención á 2ª lectura** 1Cor 15,1-11: é a primeira profesión de fe que coñecemos, o primeiro Credo. É o que aprendeu S. Paulo cando se converteu, e que anuncia basicamente a morte e a resurrección de Xesús.

### DISCRIMINACIÓN QUE CREA POBREZA

- Dous terzos das persoas máis pobres son mulleres.
- Dous terzos dos analfabetos son mulleres: teñen que buscar auga ou leña, facer a comida, coidar irmáns.
- Nos países pobres as mozas non estudan secundaria nin van á universidade.
- A muller traballa duramente no campo e na casa, sofre abusos sexuais, os pais obríganos a casar con quen non o desexan.
- As mulleres reciben peores soldos.
- Exclusión na vida pública, obrígaselle ao veo ou burka...

### PROXECTOS DE MANS UNIDAS EN FEMENINO

- Cooperativas de mulleres, microcréditos para crear empresas, axudas para crear pequenos hortos.
- Formación en hixiene e alimentación, formación de axentes de saúde e de educadores nas tribos.
- Recollida de nenas abandonadas.
- Información e protección contra as mafias que compran ou secuestran nenas para a prostitución.

## *Oración pola igualdade da muller (MU).*

Señor Deus, que fixeches ao home e a muller iguais en dignidade, dereitos e deberes, e fixéchelos diferentes e complementarios, para que se amasen e formasen a familia e para que xuntos humanizaran o mundo, facéndolles os teus colaboradores na creación.

Mira o noso mundo dividido e maltreito, onde a muller aínda é discriminada, por leis, costumes e actitudes inxustas; onde millóns son explotadas e marxinas polo absurdo delito de ser muller.

Mira o noso mundo e dálle cordura e xustiza, para que nunca máis se discrimine á muller; e xuntos, mulleres e homes, construíamos un mundo de igualdade no que todos podamos gozar da vida.

Señor, dános forza e valentía para rebelarnos contra todas as inxustizas, en especial esta que afecta a media humanidade. Que axudemos ás mulleres marxinas, mentres imos conseguindo leis xustas, que permitan vivir en igualdade a todos os homes e mulleres da terra.



### Bendición de la mesa:

Te damos gracias, Padre,  
por el pan de cada día.  
El pan para comer, ¡tan rico!  
el pan de la alegría,  
¡tan importante para vivir  
con los demás!  
el pan de la fe, que nos enseña  
a llamarte ¡Papá! y  
a las demás personas  
¡hermanas y hermanos!  
Enséñanos a compartir nuestro pan,  
para que a nadie le falte el pan.

